

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 19 DE XANEIRO DE 2026 DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE CAMBADOS

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do 20 de decembro de 2024, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Cambados. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.
2. En data 27.12.2024 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir as vacantes existentes, co obxecto de manter o número máximo de participantes (220).
3. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 14 de xaneiro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foron seleccionadas oito (8) persoas para cubrir as vacantes existentes.
4. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 7 de febreiro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foi seleccionada unha (1) persoas para cubrir a vacante existente.
5. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 17 de febreiro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foi seleccionada unha (1) persoa para cubrir a vacante existente.
6. En data 21.02.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) nova vacante.
7. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 25 de febreiro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foi seleccionada unha (1) persoa para cubrir a vacante existente.
8. En data 7.05.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) novas vacantes.
9. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 9 de maio de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foron seleccionadas dúas (2) persoas para cubrir as vacantes existentes.



- 10.** En data 17.06.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) nova vacante.
- 11.** Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 18 de xuño de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foi seleccionada unha (1) persoa para cubrir a vacante existente.
- 12.** En data 29.08.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir cinco (5) novas vacantes.
- 13.** Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 1 de setembro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foron seleccionadas cinco (5) persoas para cubrir as vacantes existentes.
- 14.** En data 04.09.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir tres (3) novas vacantes.
- 15.** Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 11 de setembro de 2025, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foron seleccionadas tres (3) persoas para cubrir as vacantes existentes.
- 16.** Transcorrido o prazo de presentación de documentación houbo unha persoa que non achegou a documentación necesaria, polo que se declarou desistida e foi seleccionada una nova persoa para obter o permex. Polo tanto, emitíuse una nova resolución, modificando a anterior, de data 3 de outubro de 2025, na que foi seleccionada unha (1) persoa para cubrir a vacante da que non achegou a documentación.
- 17.** En datas 25.11.2025, 1 e 16.12.2025 a Confraría de Cambados solicita o emprego da lista de reserva para cubrir un total de cinco (5) novas vacantes.
- 18.** En data 8 de xaneiro de 2026 este departamento territorial comunica a celebración dun sorteo o 15.01.2025, para establecer a prelación entre persoas aspirantes e unha vez realizado o sorteo publicouse a acta da súa celebración o día 15.01.2025.
- 19.** Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 19 de xaneiro de 2026, autorízase o emprego da lista de reserva, na que foron seleccionadas cinco (5) persoas para cubrir as vacantes existentes.
- 20.** Transcorrido o prazo de presentación de documentación, unha das persoas seleccionadas non achegou a documentación necesaria.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data da resolución do departamento territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar ao departamento territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan prazas vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan prazas vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

Transcorrido o prazo de presentación de documentación para obter o permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva, houbo unha persoa que non achegou a devandita documentación, polo que tal e como se indica na resolución pola que se autoriza o emprego da lista de reserva, as persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

3. Correspóndelle a este Departamento Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan os departamentos territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, este Departamento Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

1. **Declarar desistida** da súa solicitude no proceso selectivo á seguinte persoa :

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



Apelidos e nome	NIF
REY NOGUEIRA, ANA BELÉN	***6603**

2. **Seleccionar** á seguinte persoa da lista de reserva para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Cambados:

Apelidos e nome	NIF
GONZÁLEZ PIÑEIRO, NEREA	***3087**

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A persoa seleccionada disporá dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

- Certificado de estar empadroado/a nun municipio do litoral de Galicia.**
Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
- Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.** Non será necesario no caso de ter dado o consentimento para comprobación destes datos.
Non caso de ser perceptora da renda de integración social deberá achegar escrito de renuncia a esta prestación.
- Documento médico que acredite non estar incapacitado/a para exercer as labores do marisqueo.**
- Fotografía de tamaño carné, actual.**
- Certificado de mariscador/a.** Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para a súa comprobación ou xa teña sido presentado durante o proceso selectivo.

No caso de non posuílo, terá que realizar o curso a primeira vez que sexa convocada - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.



Esta documentación deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Vilagarcía de Arousa

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento"**.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitírase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

